

A segunda metade do século XX foi testemuña do cambio da sociedade de salóns á sociedade de rúas, anunciado por **Walter Benjamín** nos anos trinta: veredas, esquinas, galerías e parques convertéronse así en telón de fondo da vida do cidadán moderno. Esta nova habitabilidade do contexto urbano, da creación e experimentación de novos comportamentos na vida dos cidadáns que habitan nosas urbes en constante mutación é un fenómeno que **Francesco Careri** acuña baixo o termo "Psicoxeografía da cidade" do que partimos na concepción deste curso que hoxe inauguramos, patrocinado polo Consorcio de Santiago de Compostela e a Consellaría de Cidade Histórica e Rehabilitación, baixo o título MUTACIÓNS URBANAS.

Mutacións urbanas pretende ser un espazo aberto para a reflexión e a discusión en torno a os múltiples aspectos que conforman a cidade entendida como ecosistema. Un marco para a difusión de coñecementos en torno a diferentes temas relacionados coa cidade, o medio ambiente e o desenvolvemento sostible co obxecto de favorecer unha visión ecolóxica e integradora dos elementos que compoñen a cidade, o seu entorno, o seu funcionamento, así como a organización e relación cos seus habitantes. Imos observar, analizar e propor intervencións ou proxectos no marco da cidade, a través das modificacións e cambios previstos a curto prazo, por cuestións derivadas do desprazamento das persoas. Tratemos de modificar a cidade mediante unha idónea adecuación das súas tramas urbanas, reivindicemos futuros espazos de relación e, en definitiva, colaborem activamente na transformación do espazo público: temas susceptibles de ser analizados, ao longo dos próximos días de ponencias e debate para o que solicitamos a vosa participación.

"O fracaso aparente do urbano representa tamén unha oportunidade excepcional para a frivolidade nietzscheana. Temos que imaxinar mil e un conceptos alternativos da cidade, temos que correr riscos desproporcionados, temos que atrevermos a ser profundamente acríticos, debemos aguantar o mal trago e perdoar a destra e sinestra. A certeza do fracaso ha de ser noso gas hilarante, a modernización, nosa droga máis potente. Non somos os responsables, sexamos entón irresponsables. Nun panorama de crecente oportunidade e desequilibrio, o urbanismo non é, ou non debe ser, a máis solemne das nosas actividades. Polo contrario, pode animarse (ser alegre) e converterse nun *urbanismo lixeiro*. ¿E si sinxelamente declaramos que non hai crise algunha e redefinimos a nosa relación coa cidade non como os seus

facedores, senón como simples suxeitos colaboradores? **Máis que nunca, a cidade é todo o que temos". Rem Koolhaas.**